



# ESTATÍSTICAS

EN MATERIA DE ECONOMÍA SOCIAL

## 2018

**COOPERATIVAS**

**SOCIEDADES LABORAIS**

**CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO**



XUNTA DE GALICIA



© Xunta de Galicia. 2019 Estatísticas en materia de economía social. 2018

**Edición:**

Consellería de Economía, Emprego e Industria, Secretaría Xeral de Emprego

URL: <https://ceei.xunta.gal/recursos/biblioteca/estadisticas-economia-social>

**Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIguual 4.0**

**España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:**

<http://creativecommons.org/licenses/by/4.0/es/deed.es>



# **Estatísticas en materia de economía social 2018**

**Cooperativas  
Sociedades laborais  
Centros especiais de emprego**

**Xunta de Galicia**  
Consellería de Economía, Emprego e Industria  
Secretaría Xeral de Emprego  
2019

# Índice

## Sociedades cooperativas

.....3

## Sociedades laborais

.....11

## Centros especiais de emprego

.....18



## Sociedades cooperativas



# Sociedades cooperativas

O obxectivo desta actividade é coñecer a estrutura e a localización das sociedades cooperativas constituídas no ano 2018 no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, tomando como variables de referencia a súa clase, a actividade económica, o ámbito territorial e a composición do grupo promotor.

## Definición

A cooperativa é unha sociedade de capital variable que, con estrutura e xestión democrática, en réxime de libre adhesión e baixa voluntaria, desenvolve unha empresa de propiedade conxunta, a través do exercicio de actividades socioeconómicas, para prestar servizos e para satisfacer necesidades e aspiracións dos seus socios, e en interese pola comunidade, mediante a participación activa deles, distribuindo os resultados en función da actividade cooperativizada.

## Normativa e organización

A comunidade autónoma galega ten competencia exclusiva en materia de cooperativas, en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro (BOE nº 310 do 28 de decembro de 1995), que ampliou a competencia orixinaria recollida no artigo 28.7 do Estatuto de autonomía de Galicia.

## Normativa de aplicación

- ✓ Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.
- ✓ Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia.
- ✓ Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro, polo que se regula a organización e funcionamento do Consello Galego de Cooperativas.
- ✓ Decreto 430/2001, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Cooperativas de Galicia.
- ✓ Decreto 248/2004, do 14 de outubro, polo que se regulan os procedementos de conciliación e arbitraje cooperativa.
- ✓ Cómpre citar, así mesmo, que o réxime fiscal das cooperativas, materia que non foi obxecto de transferencia, está contido fundamentalmente na Lei 20/1990, do 19 de decembro.
- ✓ Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

## Organización

Á Secretaría Xeral de Emprego correspóndenlle a dirección, coordinación, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia de emprego, relacións laborais, seguridade e saúde laboral, responsabilidade social empresarial, cooperativas e outras entidades de economía social e, en concreto, o exercicio de funcións en materia de lexislación laboral e en prevención de riscos laborais, e todas aquelas que como autoridade laboral debe desenvolver en virtude das competencias que lle corresponden á consellería.

Á Subdirección Xeral de Economía Social, como órgano de dirección, correspóndelle a promoción, coordinación, desenvolvemento, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia de cooperativas e outras entidades de economía social, así como as relacións coas súas organizacións representativas, sen prexuízo das competencias doutras consellerías en materias relativas a entidades de economía social.

Mediante o Decreto 430/2001, do 18 de decembro, aprobouse o Regulamento do Rexistro de Cooperativas de Galicia, que quedou adscrito á consellería competente en materia de traballo, actualmente a Consellería de Economía, Emprego e Industria, e que se estrutura nun Rexistro Central dependente da Secretaría Xeral de Emprego e nos correspondentes rexistros provinciais adscritos a cada unha das xefaturas territoriais da Consellería. As funcións que se desenvolven nos rexistros son as referentes á cualificación, inscrición e certificación dos actos que deben acceder ao rexistro xurídico de cooperativas.

Concrétase a competencia de cada un dos rexistros en función do ámbito territorial das cooperativas, de xeito que o Rexistro Central resulta competente sobre as cooperativas de ámbito superior ao dunha provincia, que realicen principal e maioritariamente a súa actividade cooperativizada cos seus socios dentro do territorio da Comunidade Autónoma. O Rexistro Central tamén será competente respecto das cooperativas de crédito e seguros, cooperativas de segundo grao e asociacións de cooperativas.

Os rexistros provinciais de cooperativas serán competentes respecto das restantes clases de cooperativas, nas que o ámbito territorial onde desenvolvan as súas actividades cooperativizadas cos seus socios non sexa superior ao da respectiva provincia.

Os rexistros de cooperativas asumirán, nos diferentes niveis e entre outras, as seguintes funcións:

- a) Cualificar, inscribir e certificar os actos ou negocios xurídicos das cooperativas que deben acceder ao rexistro.
- b) Habilitar e legalizar os libros obrigatorios das entidades cooperativas.
- c) Recibir, cualificar e publicar o depósito de contas anuais.
- d) Recibir a certificación acreditativa do número de socios na data do peche de cada exercicio económico.
- e) Remitir datos ao Rexistro Central.

O Rexistro Central terá, ademais, as seguintes funcións:

- a) Nomear auditores e outros expertos independentes, por solicitude das entidades cooperativas e por conta destas.

- b) As relativas á cualificación e depósito dos actos das seccións de crédito das cooperativas.
- c) Coordinar os rexistros provinciais de cooperativas.
- d) A colaboración e coordinación con outros rexistros.
- e) A ordenación, tratamento e publicidade da información rexistral acumulada.
- f) Ditar instrucións e resolver as consultas formuladas sobre a materia da súa competencia, en aplicación da normativa en materia de cooperativas.

No referente ás asociacións de cooperativas, as principais funcións que se desenvolven neste campo son a cualificación, inscrición e certificación dos actos das asociacións que deben acceder ao Rexistro de Cooperativas, entre os que cabe indicar a inscrición do depósito da escritura pública de constitución ou de modificacións estatutarias e o depósito de contas.

O Rexistro Central dependente da Secretaría Xeral de Emprego ten atribuídas as competencias sobre todas as asociacións de cooperativas galegas.

Ademais, a Subdirección Xeral de Economía Social realiza tamén as seguintes funcións:

- ✓ Informar e asesorar en materia cooperativa e de empresas de economía social, así como o impulso das relacións intercooperativas.
- ✓ Planificar, xestionar e controlar as axudas ás cooperativas e ás súas asociacións.
- ✓ Executar os programas de promoción e divulgación do cooperativismo e doutras formas de economía social.
- ✓ Elaborar as estatísticas, realizar e coordinar os estudos sobre cooperativas e empresas de economía social.

## Datos estatísticos

Nos seguintes cadros reflíctense os resultados do ano 2018 que figuran nos rexistros provinciais e no Rexistro Central da Comunidade Autónoma de Galicia con expresión de:


- ✓ Cooperativas constituídas e número de persoas socias promotoras nos rexistros provinciais e no Rexistro Central de Cooperativas, segundo o sexo e a personalidade xurídica. Esta información vai ilustrada con:
  - Gráfico da distribución porcentual das cooperativas constituídas segundo o ámbito territorial.
  - Gráfico da distribución das persoas socias promotoras por sexo e personalidade xurídica segundo o ámbito territorial.
- ✓ Cooperativas constituídas e número de persoas socias promotoras nos rexistros provinciais e no Rexistro Central, segundo a clase de cooperativa.
- ✓ Cooperativas constituídas e número de persoas socias promotoras nos rexistros provinciais e no Rexistro Central, clasificadas pola súa actividade económica.
- ✓ Gráficos de evolución referidos a cooperativas inscritas e número de persoas socias promotoras destas, do período comprendido entre o ano 2014 e o 2018, por provincias.




**Cooperativas constituídas e número de persoas socias promotoras nos rexistros provinciais e no Rexistro Central, segundo o sexo e personalidade xurídica. Ano 2018**

Provincia	Cooperativas inscritas	Homes	Mulleres	Persoas xurídicas	Total persoas socias
A Coruña	18	43	41	0	84
Lugo	2	2	2	0	4
Ourense	15	32	17	0	49
Pontevedra	28	39	46	0	85
Rex. Central	9	11	9	3	23
<b>TOTAL</b>	<b>72</b>	<b>127</b>	<b>115</b>	<b>3</b>	<b>245</b>

**Distribución porcentual das cooperativas inscritas segundo o ámbito territorial**



**Número de persoas socias promotoras das cooperativas inscritas, segundo o ámbito territorial e desagregado por sexo e personalidade xurídica. Ano 2018**



Cooperativas constituídas e número de persoas socias promotoras nos rexistros provinciais e no Rexistro Central, segundo a clase de cooperativa. Ano 2018


	REXISTROS PROVINCIAIS										REXISTRO CENTRAL		TOTAL						
	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		CENTRAL		Nº coop	Persoas socias	Nº coop	Persoas socias					
	Nº coop	Persoas socias	Nº coop	Persoas socias	Nº coop	Persoas socias	Nº coop	Persoas socias	Nº coop	Persoas socias									
Agrarias	1	6			1	4												2	10
Consumidores e usuarios																		0	0
Ensino																		0	0
Ensino-traballo asociado					1	3												1	3
Explotación comunitaria da terra																		0	0
Mar																		0	0
Mixtas traballo asociado																		0	0
Servizos																		0	0
Servizos-traballo asociado																		0	0
Traballo asociado	13	31	2	4	11	26	23	69	6	13	55	143							
Transportistas									2	7	2	7							
Transportistas-traballo asociado																		0	0
Vivenda	3	45					2	9			5	54							
Crédito																		0	0
Integración social																		0	0
Xuvenil-explotación comunitaria da terra																		0	0
Xuvenil-traballo asociado	1	2			2	16	3	7	1	3	7	28							
Segundo grao																		0	0
<b>TOTAL</b>	18	84	2	4	15	49	28	85	9	23	72	245							

Cooperativas constituídas e número de persoas socias promotoras nos rexistros provinciais e no Rexistro Central, pola súa actividade económica. Ano 2018


Cód	Actividade	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		REX. CENTRAL		TOTAL	
		Coop	Persoas socias	Coop	Persoas socias	Coop	Persoas socias	Coop	Persoas socias	Coop	Persoas socias	Coop	Persoas socias
A	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	2	8			2	6	1	2			5	16
B	Industrias extractivas											0	0
C	Industrias manufactureiras	3	7			1	3			1	2	5	12
D	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado											0	0
E	Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación											0	0
F	Construción	3	45					3	11	1	2	7	58
G	Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	2	5			4	9	9	26	1	3	16	43
H	Transporte e almacenamento									2	7	2	7
I	Hostalería	1	2			2	4	2	7			5	13
J	Información e comunicación					3	18			2	4	5	22
K	Actividades financeiras e de seguros											0	0
L	Actividades inmobiliarias							1	3			1	3
M	Actividades profesionais, científicas e técnicas	2	4			2	6	5	14			9	24
N	Actividades administrativas e servizos auxiliares			1	2	1	3			1	2	3	7
O	Administración pública e defensa e Seguridade Social obrigatoria											0	0
P	Educación	4	10					2	9			6	19
Q	Actividades sanitarias e de servizos sociais							2	7			2	7
R	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	1	3							1	3	2	6
S	Outros servizos			1	2			3	6			4	8
T	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio											0	0
U	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais											0	0
	TOTAL	18	84	2	4	15	49	28	85	9	23	72	245

**Distribución territorial das cooperativas inscritas e número de persoas socias promotoras. Evolución 2014-2018**

**Número de cooperativas inscritas**



**Número de persoas socias promotoras**





## Sociedades laborais



## Sociedades laborais

O obxectivo desta actividade é o de coñecer a estrutura e a localización das sociedades laborais que se cualificaron como tales no ano 2018 no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, tomando como variables de referencia a súa actividade económica e a composición do grupo promotor, así como aquelas que foron desqualificadas.

### Definición

As sociedades laborais son aquelas sociedades anónimas ou de responsabilidade limitada nas que a maioría do capital social é propiedade de traballadores que prestan nelas servizos retribuídos en forma persoal e directa, cunha relación laboral indefinida, de conformidade coa Lei 44/2015, do 14 de outubro, de sociedades laborais e participadas.

### Normativa e organización

As principais funcións que se desenvolven neste campo son a cualificación, inscrición e certificación da condición de sociedades laborais para os efectos administrativos. O dito trámite ten carácter previo á súa inscrición no correspondente rexistro mercantil, sendo as inscricións máis frecuentes as de constitución, a declaración de que a modificación estatutaria non afecta a súa cualificación como laboral e a anulación e baixa no rexistro.

Para a súa realización cóntase cun rexistro administrativo dependente da Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con competencia sobre as sociedades laborais que teñan o seu domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia.

### Normativa de aplicación

- ✓ Real decreto 1456/1989, do 1 de decembro, sobre o traspaso de funcións da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cualificación e rexistro administrativo de sociedades anónimas laborais.
- ✓ Lei 44/2015, do 14 de outubro, de sociedades laborais e participadas.
- ✓ Real decreto 2114/1998, do 2 de outubro, sobre Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais.
- ✓ Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

### Organización

Á Secretaría Xeral de Emprego correspóndenlle a dirección, coordinación, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia de emprego, relacións laborais, seguridade e saúde laboral, responsabilidade social empresarial, cooperativas e outras entidades de economía social e, en concreto, o exercicio de funcións en materia de lexislación laboral e en prevención de riscos laborais, e todas aquelas que como autoridade laboral debe desenvolver en virtude das competencias que lle corresponden á Consellería.

Á Subdirección Xeral de Economía Social correspóndelle a promoción, coordinación, desenvolvemento, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia de cooperativas e outras entidades de economía social, así como as relacións coas súas organizacións representativas, sen prexuízo das competencias doutras consellerías en materias relativas a entidades de economía social.

Concrétase a competencia nun rexistro administrativo competente sobre as sociedades laborais con domicilio na Comunidade Autónoma.

O Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais asumirá as funcións seguintes:

- Cualificar, inscribir e certificar actos ou negocios xurídicos das sociedades laborais que deban acceder ao rexistro.
- Remisión de datos ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social.
- Ordenación, tratamento e publicación da información rexistral acumulada.
- Resolver consultas sobre a materia da súa competencia en aplicación da normativa sobre sociedades laborais.

Ademais das funcións rexistrais indicadas, a Subdirección Xeral de Economía Social realiza tamén as seguintes funcións:

- Informar e asesorar en materia de economía social, así como o impulso das relacións entre as empresas de economía social.
- Planificar, xestionar e controlar as axudas ás sociedade laborais.
- Executar os programas de promoción e divulgación das formas de economía social.
- Elaborar estatísticas, realizar e coordinar os estudos sobre empresas de economía social.

## Datos estatísticos


Os cadros seguintes reflicten os resultados globais do ano 2018, con expresión de:

- ✓ Actos inscritos, segundo a provincia do domicilio social (sociedades laborais constituídas e sociedades laborais que causaron baixa).
- ✓ Distribución provincial do número de persoas socias, desagregada por sexo e tipo de participación nas sociedades laborais constituídas (socios traballadores ou socios de clase xeral).
- ✓ Sociedades laborais constituídas e persoas socias, desagregadas por actividade económica (sección da CNAE 2009), provincias e totais da comunidade autónoma.
- ✓ Gráficos de evolución das sociedades laborais constituídas e sociedades laborais que causaron baixa ou descualificadas, no período comprendido entre os anos 2014 e 2018.


Actos inscritos segundo a provincia do domicilio social. Ano 2018

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Sociedades laborais constituídas	15	3	3	24	45
Sociedades laborais que causaron baixa	50	15	10	50	125

Sociedades laborais constituídas



Sociedades laborais que causaron baixa







**Distribución provincial do número de persoas socias, desagregada por sexo e tipo de participación, nas sociedades laborais constituídas no ano 2018**

Provincia	Persoas físicas	Persoas xurídicas	Totais persoas socias por sexo		Persoas socias por tipo de participación			
			Homes	Mulleres	Homes soc. traballo	Mulleres soc. traballo	Homes soc. capital	Mulleres soc. capital
A Coruña	53	0	35	18	29	14	6	4
Lugo	9	0	8	1	8	1	0	0
Ourense	15	0	10	5	7	4	3	1
Pontevedra	68	0	33	35	28	34	5	1
<b>TOTAL</b>	<b>145</b>	<b>0</b>	<b>86</b>	<b>59</b>	<b>72</b>	<b>53</b>	<b>14</b>	<b>6</b>

**Distribución provincial das persoas socias por sexo**



**Distribución provincial das persoas socias por tipo de participación**




Sociedades laborales constituídas e persoas socias, desagregadas por actividades económicas, provincias e totais da Comunidade Autónoma de Galicia. Ano 2018

Cód.	Actividade (CNAE 2009)	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
		Nº SS.LL	Nº socios	Nº SS.LL	Nº socios	Nº SS.LL	Nº socios	Nº SS.LL	Nº socios	Nº SS.LL	Nº socios
A	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	1	3					1	3	2	6
B	Industrias extractivas									0	0
C	Industria manufacturera	3	15					1	2	4	17
D	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado									0	0
E	Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación									0	0
F	Construción	2	7	1	3			1	6	4	16
G	Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	3	12					6	15	9	27
H	Transporte e almacenamento									0	0
I	Hostalería	2	6					2	6	4	12
J	Información e comunicacións			1	3			1	2	2	5
K	Actividades financeiras e de seguros									0	0
L	Actividades inmobiliarias									0	0
M	Actividades profesionais, científicas e técnicas	4	10					5	11	9	21
N	Actividades administrativas e servizos auxiliares							2	10	2	10
O	Administración pública e defensa e Seguridade Social obrigatoria									0	0
P	Educación									1	5
Q	Actividades sanitarias e de servizos sociais					1	5			0	0
R	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento			1	3	2	10	2	4	5	17
S	Outros servizos							3	9	3	9
T	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio									0	0
U	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais									0	0
	<b>TOTAL</b>	<b>15</b>	<b>53</b>	<b>3</b>	<b>9</b>	<b>3</b>	<b>15</b>	<b>24</b>	<b>68</b>	<b>45</b>	<b>145</b>

### Sociedades laborais constituídas. Evolución 2014-2018

	2014	2015	2016	2017	2018
A Coruña	18	13	7	6	15
Lugo	5	1	1	0	3
Ourense	6	5	3	4	3
Pontevedra	13	16	18	19	24
<b>TOTAL</b>	<b>42</b>	<b>35</b>	<b>29</b>	<b>29</b>	<b>45</b>


### Sociedades laborais constituídas



### Sociedades laborais que causaron baixa. Evolución 2014-2018

	2014	2015	2016	2017	2018
A Coruña	23	15	19	41	50
Lugo	8	8	4	25	15
Ourense	13	14	5	10	10
Pontevedra	20	20	11	25	50
<b>TOTAL</b>	<b>64</b>	<b>57</b>	<b>39</b>	<b>101</b>	<b>125</b>

### Sociedades laborais que causaron baixa





## Centros especiais de emprego



## Centros especiais de emprego

Os centros especiais de emprego, tal como os define a súa normativa reguladora, son elementos básicos integradores da persoa con discapacidade no mundo laboral, e cumpren unha importante función social, achegando oportunidades de emprego para os traballadores con discapacidade.

O obxecto desta actividade é a de coñecer a estrutura e a localización destes centros especiais de emprego constituídos no ano 2017 no ámbito territorial de Galicia, tomando como variables de referencia os seus datos relativos aos centros de traballo e persoal integrado.

### Definición

Os centros especiais de emprego son aqueles que realizan un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións do mercado e teñen por finalidade asegurar un emprego remunerado e a prestación dos servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores con discapacidade, á vez que son un medio de integración do maior número de persoas con discapacidade ao réxime de traballo normal.

Poderán ser autorizados como centros especiais de emprego aqueles centros de traballo que cumplan os seguintes requisitos:

- ✓ Acreditar a personalidade da persoa titular do centro.
- ✓ Xustificar mediante o oportuno estudo económico as posibilidades de viabilidade e subsistencia do centro, para o cumprimento dos seus fins.
- ✓ O seu cadro de persoal debe estar constituído por persoas traballadoras con discapacidade, en número non inferior ao 70% do cadro de persoal, con contrato laboral formalizado por escrito conforme a normativa reguladora da relación laboral de carácter especial.
- ✓ Prever a integración do persoal técnico e de apoio coa titulación profesional adecuada que a actividade do centro precise, no seu cadro de persoal.

Deberán acreditarse, así mesmo, as seguintes circunstancias:

- ✓ A adecuación das persoas con discapacidade que integren o cadro de persoal e dos postos de traballo, determinando as súas posibilidades de integración real e capacidade de traballo.
- ✓ O centro deberá contar cunha estrutura e organización empresarial propia, independente e debidamente diferenciada doutras actividades da persoa titular ou de persoas vinculadas por calquera título a esta.

### Normativa e organización

As principais funcións que se desenvolven neste campo son a cualificación, inscrición, baixa ou descualificación e certificación da condición de centros especiais de emprego para os efectos administrativos.

Para a súa realización cóntase cun rexistro administrativo dependente da Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con competencia sobre os centros especiais de emprego que teñan o seu domicilio social no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

### Normativa de aplicación

- ✓ Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro.
- ✓ Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- ✓ Real decreto 2273/1985, do 4 de decembro, polo que se aproba o Regulamento dos centros especiais de emprego definidos no artigo 42 da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social do minusválido.
- ✓ Real decreto 1928/1984, do 12 de setembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia da Unidade Administradora do Fondo Nacional de Protección ao Traballo.
- ✓ Decreto 200/2005, do 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro administrativo dos centros especiais de emprego de Galicia e a súa organización e funcionamento.

### Organización

Na actualidade, o Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, atribúelle á Secretaría Xeral de Emprego, entre outras funcións, a dirección, coordinación, control e execución das competencias da comunidade autónoma en materia de cooperativas e outras entidades de economía social, correspondéndolle á Subdirección Xeral de Economía Social as funcións correspondentes á xestión do Rexistro administrativo de centros especiais de emprego.

### Datos estatísticos

No seguinte cadro reflíctese a relación dos centros especiais de emprego rexistrados no ano 2017, en Galicia, con indicación de: número de centros especiais de emprego, número de centros de traballo e tipo de persoas traballadoras (homes, mulleres, con discapacidade, sen discapacidade).

#### Centros especiais de emprego constituídos en Galicia. Ano 2018

Centros especiais de emprego	Centros de traballo	Persoas traballadoras		Persoas con discapacidade		Persoas sen discapacidade	
		Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
<b>6</b>	<b>6</b>	<b>5</b>	<b>2</b>	<b>5</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>1</b>

